



## RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA DO EXPEDIENTE 32-J-0008/05

Esta xefatura territorial ditou, en data 12 de marzo de 2024, resolución de inicio do procedemento de adxudicación de vivendas protexidas de promoción privada de Réxime Xeral do expediente 32-J-0008/05, situadas na Avenida de Compostela, nº 115, de O Carballiño (Ourense), e cuxa solicitude presentou a entidade promotora PROYECON GALICIA, S.A.

En data 3 de abril de 2024 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de persoas adxudicatarias de vivendas protexidas de promoción privada regúlase nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia; en concreto, o artigo 36 dispón que, rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos.

No prazo de presentación de solicitudes non se presentaron peticións de inclusión neste procedemento.

Baseado en todo o antedito, RESOLVO:

- 1º) Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do IGVS.
- 2º) Outorgar ás persoas interesadas un prazo de reclamación de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ao da referida publicación.

Ourense, na data da sinatura electrónica  
A xefa territorial da Vicepresidencia Segunda e  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda  
P.S. (Resolución do 15/03/2024)  
O xefe do Servizo de Patrimonio Natural

Juan José Gómez Fernández

